

## CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

A Coral Polifónica de Betanzos, fundada en marzo de 1969 ten como fins: o cultivo da música popular e polifónica, e a realización de actos culturais (especialmente musicais), sociais e tamén benéficos.

Para a realización destes fins, a Coral estimula, patrocina e organiza actividades culturais (especialmente musicais), sociais e benéficas.

Unha actividade importante, e a de buscar, investigar e recuperar, principalmente por medio da tradición oral, as cancións populares que cantaban os nosos devanceiros, para recordar e coñecer o inmenso, fértil e rico repertorio musical que no pasado tiñan o nosos antecesores.

Cada ano a Coral organiza, participa e colabora en diversos actos culturais (especialmente musicais), sociais e benéficos, con motivo dos actos da conmemoración do nacemento de Rosalía de Castro (en febreiro), do Aniversario da fundación da Coral (en marzo); a organización do Pregón de Semana Santa e Concerto de Música Sacra; a Misa Solemne e actos culturais na Festividade do Patrón do Centro «Pai Menni» e do Colexio de Educación Especial, no que participan tamén un Grupo de Nenas e Nenos do Colexio de Educación Especial de este Centro, das Irmás Hospitalarias (en abril); actos da semana do «Día das Letras Galegas»; Festas Patronais co Concerto «Cidade de Betanzos», no que participan as tres Agrupacións Musicais de Betanzos (Agrupación de pulso e púa «Carlos Seijo», Coral Polifónica e Banda Municipal), cántanse as Misas Solemnes da Co Patroa Santa María do Azougue, e a do Patrón principal de Betanzos San Roque e a Función do Voto; Misa Solemne na Festividade da Fundadora e Patroa das Irmás dos Anciáns Desamparados da Residencia de Maiores Irmás García Naveira, Santa Teresa Jornet e Ibarst; Misa cantada na Festividade de Nosa Señora dos Remedios; Misa Solemne da Festividade da Virxe do Pilar, Patroa da Garda Civil; a organización do Festival Santa Cecilia (50 edicións), e nas actividades de Nadal, Encontro de Corais con motivo do Concerto de Panxoliñas, e actuacións para as Nenas e Nenos do Colexio de Educación Especial do Centro «Pai Menni» das Irmás Hospitalarias, e na Residencia de Maiores, Irmás García Naveira, para as persoas alí acollidas.

A Coral participa en todos os actos e actividades que é solicitada en Betanzos e ao redor.

Realiza intercambios culturais con Corais galegas, de outras comunidades españolas e do estranxeiro. Organiza actos sociais como o Carnaval, celebración da conmemoración do aniversario, a exaltación e

promoción do viño do país de Betanzos, xira fluvial a «Os Caneiros», magosto, Santa Cecilia, Patroa da Música, Nadal e fin de año.

Tamén se organizan cada año varios viaxes de interese histórico, cultural, artístico, monumental, etc.

### ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES

- 3 Asembleas Xerais Ordinarias: a da Coral, a de FE CO GA e a de Círculos e Casinos Culturais, e unha Asemblea Extraordinaria de FE CO GA.

- 8 reunións da Xunta Directiva da Coral de Betanzos e dúas da Xunta Directiva da Federación de Círculos e Casinos Culturais..

- Realizáronse 39 actuacións: 25 Concertos (11 en Betanzos e 14 fora de Betanzos), e 14 Misas cantadas (7 en Betanzos e 7 fora de Betanzos).

- 3 Encontros de Corais: Con motivo do Aniversario da Coral en marzo (participan: Coro de Folgoso de la Ribera (Ponferrada, León), Coral de Celanova (Ourense) e Coral de Betanzos), con motivo do 50º Festival Santa Cecilia en novembro (participan: Coral de Vilalba, Coral Liceo de Noia e Coral de Betanzos), e con motivo do Nadal (participan: Coral de Valdoviño, Coral de Soutomaior, Pontevedra, e Coral de Betanzos).

- Estreáronse tres partituras: PER CRUCEM (canon a 6 voces da Comunidade Inter relixiosa de Taizé, Francia), VIENTO DEL NORTE (a 5 voces) e MEU AMOR MARIÑEIRO canción galega a 5 voces), e cantáronse 6 cancións populares (tres galegas e tres en español) despois dos Concertos dos tres Encontros de Corais, interpretados por todos os participantes, Compoñentes das 6 Corais e público asistente.

- 8 reunións de actos sociais.

- Entraron 3 Compoñentes novos e un causu baixa.

- 2 Exposicións: Unha de 34 cadros do patrimonio e paisaxe do Camiño Inglés, patrocinada pola Deputación de A Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos. e outra de Artesanía Galega: de Tecido Manual de fibras naturais en Teares Manuais, de Prata Nativa de Ourivaría Artesanal, de Pezas variadas de Torneado de

Madeira e Decoración con Flor Natural de distintas pezas, lámpadas, etc.

- Realizouse un **RECITAL CONCERTO** sobre poemas do artista e poeta galego, Luís Seoane.

- **PREGÓN DE SEMANA SANTA**, pronunciado polo Bispo de Lugo, Monseñor D. Alfonso Carrasco Rouco e Concerto de Música Sacra, interpretado por la Coral de Betanzos.

- Misa Solemne cantada pola Coral, coa participación de Nenas e Nenos do Colexio de Educación Especial, con motivo da Festividade de San Benito Menni, Patrón do Centro Pai Menni e Fundador das Irmás Hospitalarias..

- Festa do Socio, como mostra de valoración e agradecemento pola axuda e colaboración.

- Xira Fluvial a «Os Caneiros», para Compoñentes, Socios, acompañantes, simpatizantes.

- Concerto «Cidade de Betanzos», no que participan as tres Entidades Musicais de Betanzos: Agrupación de pulso e púa «Carlos Seijo», Coral Polifónica e Banda Municipal.

- Participación da Coral nos actos culturais e relixiosos con motivo das Festas Patronais de Betanzos.

- Misa Solemne cantada pola Coral con motivo da Festividade da Nosa Señora dos Remedios de Betanzos, en colaboración coa Confraría dos Remedios.

- Misa Solemne cantada pola Coral con motivo da Festividade da Nosa Señora do Pilar, Patroa da Garda Civil.

- Presentación do Libro Programa dos actos do 50º Festival Santa Cecilia.

- Actuación da Tuna de Veteranos de A Coruña.

- Actos culturais e relixiosos con motivo da Festa de Santa Cecilia, Patroa da Música.

- Actuación da Agrupación de Cámara de Metais, Profesores e Solistas da Escola de Música de Concello de Valga (Pontevedra), e do Quinteto de Cámara «InVento», músicos profesionais galegos.

- Homenaxe a constancia, para entregar a insignia de ouro a os Compoñentes da Coral que cumpren 15 anos na Coral, e a insignia de prata a os Compoñentes que cumpren 5 anos.

### **RELACIÓN DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2018:**

7 de xaneiro: **BETANZOS**. Residencia de Maiores «Irmáns García Naveiras»: Concerto de Nadal para as persoas maiores residentes. Tamén participaron todos os presentes cantando Panxoliñas coa Coral.

O finalizo o acto, a Coral agasallou con diversos regalos a todos os residentes.

19 de xaneiro. **BETANZOS**. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva: Fíxose balance das últimas actividades. Tamén se deron varias informacións.

26 de xaneiro. **BETANZOS**. Local Social da Coral. **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**.

O secretario da Coral, Fulvio Bordón Frogliá, dou lectura da acta da Asemblea Xeral Ordinaria anterior que foi aprobada por unanimidade. A continuación, a Presidenta, Lourdes Vázquez Gómez, agradece a todos a axuda e colaboración no logro das actividades realizadas no 2017, e o secretario fai un detallado informe das actuacións e actividades realizadas pola Coral durante o pasado 2017. A Tesoureira, Mari Carmen Bayo, presenta o balance económico, que é aprobado, e tamén informa das subvencións recibidas de Entidades públicas e privadas

Presentación de candidaturas para elección de Presidente: Realízase a votación e sae reelixida Lourdes Vázquez Gómez, quen agradece a confianza depositada nela.

Nos rogos e preguntas fálase de ir pensando no que se pode organizar para celebrar o 50º aniversario da Coral, considerando a realización dun reencontro de ex compoñentes da Coral durante os 50 anos, para realizar un Concerto conxunto de compoñentes e ex-compoñentes.

31 de xaneiro. **BETANZOS**. Local Social da Coral. **Constitución da Xunta Directiva**.

A Presidenta, Lourdes Vázquez Gómez, reelixida na Asemblea Xeral Ordinaria do día 26 pasado, procede a Constitución da Xunta Directiva para o ano 2018: Vicepresidenta: Mari Carmen Álvarez Alonso; Secretario, Fulvio Bordón Frogliá; Tesoureira, Mari Carmen Bayo Rodríguez; Vocais: Gloria Julia Ínsua Díaz, M<sup>a</sup> Isabel Orgeira Moreira, Carlos Roibás Santalla e Ana Belén Veiga Pita.

Unha vez realizados os nomeamentos, a Xunta Directiva acorda por unanimidade, elixir representante ante o Concello de Betanzos, a Ana Belén Veiga Pita, representante ante a Deputación de A Coruña, a Mari Carmen Álvarez Alonso, e representante ante a Xunta de Galicia, ante ABANCA, a Federación Galega de Círculos e Casinos Culturais, e ante FE CO GA, a Manuel López Castro.

31 de xaneiro: **BETANZOS**. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Lectura da acta da reunión anterior que foi aprobada.

#### **Actividades de carácter xeral en 2018:**

Colaboración nos actos do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Actos para celebrar o 49 aniversario. Día do Socio. Pregón de Semana Santa e Concerto de Música Sacra. Xira a Os Caneiros. Participación, en colaboración co Concello, nos actos do «Día das Letras Galegas» e nas Festas Patronais. Colaboración coa Confraría dos Remedios, para actuar nos actos da Festividade de Nosa Señora dos Remedios, cantando a Misa Solemne. Colaboración nos actos da Festa do Pilar, Patroa de la Garda Civil, cantando a Misa Solemne. Festa do Magosto. Celebración do 50º Festival Santa Cecilia. Concerto de Nadal e actuacións no Colexio de Educación Especial do Centro «Pai Menni», e na Residencia de Maiores «Irmáns García Naveira» de Betanzos. Realización de reunións sociais e de fraternidade, con motivo do Entroido, Aniversario da Coral, día do Socio, Festival Santa Cecilia, Festas de Nadal e despedida de ano.

16 de febreiro. **BETANZOS.** Local Social da Coral. Reunión social de confraternidade dos Compoñentes da Coral e familiares, para celebrar a popular e tradicional Festa do Entroido, con música, diversos actos, disfraces, e a típica e tradicional gastronomía..

#### CONMEMORACIÓN DO 49º ANIVERSARIO DA CORAL

3 de marzo. **BETANZOS.** Local Social da Coral: **Día do Aniversario da Coral.**

Reunión dos Compoñentes da Coral, familiares e acompañantes, para conmemorar o 49º aniversario da Coral: Cantáronse as partituras interpretadas no primeiro Concerto da Coral, o 28 de marzo de 1969.

Tamén se falou do que se podía facer con motivo da celebración do 50 aniversario en marzo de 2019 e terminouse brindando polos 49 anos de historia.

7 de marzo. **BETANZOS.** Edificio Arquivo: Aula de Cultura Liceo. **RECITAL CONCERTO: «Episodios dunha vella historia».** Poemas do artista e poeta galego LUIS SEOANE, interpretados por Santiago Fernández, actor, e Sergio López, músico, do Estudio de Teatro CA-SAHAMLET de A Coruña. A Aula de Cultura estivo chea de público.

16 de marzo. **BETANZOS.** Edificio Arquivo, Liceo: Sala de Exposicións. **Inauguración**

#### **da Exposición:**

«**OLLADAS AO CAMIÑO INGLÉS**», Augatintas de José Yáñez. Unha mostra de 34 cadros da riqueza patrimonial e paisaxística o longo do camiño inglés. Patrocinada pola Deputación de A Coruña, coa colaboración do Concello de Betanzos.

A Exposición estivo aberta do 16 o 31 de marzo e foi visitada por numerosas persoas.

17 de marzo. **PADERNE.** Salón «La Gurita». **Reunión social de confraternidade** dos Compoñentes

da Coral, familiares e acompañantes, para celebrar o 49º Aniversario da Coral.

Interpretáronse varias partituras populares e polifónicas do repertorio musical da Coral.

24 de marzo. **BETANZOS.** Igrexa de Santiago. **PREGÓN DE SEMANA SANTA**, pronunciado por Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco, Bispo de Lugo. O finalzalo Pregón, fíxose entrega o Pregoeiro dunha figura de San Roque da Cerámica de Sargadelos, como recordo deste acto.

E a continuación do Pregón, a Coral de Betanzos, interpretou un Concerto de Música Sacra, no que se estreou a partitura **PER CRUCEM**, canon a 5 voces, da Comunidade Interrelixiosa de Taizé (Francia).

3 de abril. **SILLEDA.** Casa da Cultura. **ASSEMBLEA EXTRAORDINARIA** de FE CO GA.

Foi elixida a nova Xunta Directiva da Federación.

A continuación realizouse a **ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA.** Leuse a acta da Asemblea Xeral anterior, que foi aprobada. O Presidente fixo un informe das actividades realizadas. Presentouse o balance económico do ano anterior que tamén foi aprobado, e tratáronse varios temas para o mellor funcionamento da Federación.

Participan membros da Xunta Directiva da Coral de Betanzos.

7 de abril. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Aula de Cultura Liceo. **ENCONTRO DE CORAIS:**

**CONCERTO CONMEMORATIVO DO 49º ANIVERSARIO DA CORAL de Betanzos.** Participan:

Coro «Pin Pin» de Folgoso de la Ribera (Ponferrada, León), Coral Polifónica «Solpor» de Celanova (Ourense), e a Coral Polifónica de Betanzos.

O final do Concerto, os Compoñentes das tres Corais e público asistente o acto, interpretaron dúas cancións populares: **ADIÓS, MARIQUITA LINDA** e **MARUXIÑA DO FORNEIRO** (Cantiga de Monte furado).

O finalzalo Concerto, entregouse as Corais participantes unha figura da Cerámica de Sargadelos, representando o Globo de Betanzos. A sala estaba chea de público.

Esta actuación realízase en intercambio da Coral de Betanzos con as dúas Corais participantes.

21 de abril. **BETANZOS**. Igrexa de Santo Domingo. Misa Solemne cantada pola Coral de Betanzos, coa

participación de Nenas e Nenos do Colexio Educación Especial do Centro Pai Menni, das Irmás Hospitalarias, que cantaron coa Coral, con motivo da Festa de San Benito Menni, Fundador das Irmás Hospitalarias, e Patrón do Centro,.

27 ó 30 de abril. **NAVARRA**. Viaxe de interese musical, histórico, cultural, monumental, etc., con varias actuacións da Coral en diversas cidades e pobos de Navarra:

Visita guiada a **PAMPLONA** e **actuación da Coral na Praza do Concello de Pamplona**, abarrotada de público, interpretando diversas partituras de Música popular e polifónica Galega.

Visita guiada a **SOS DEL REY CATÓLICO**, conxunto histórico artístico, e **actuación da Coral** no Salón de actos da Casa de Cultura de Sos del Rey Católico.

Visita guiada a **SANGÜESA**, Vila Medieval. Celebración da Misa na Colexiata de Santa María la Real, que foi cantada pola Coral de Betanzos, interpretando o finalizar a Misa, varias partituras de Música Galega, polifónica e popular.

Visita guiada o **CASTILLO DE JAVIER**. A Coral interpretou varias cancións sacras na Igrexa do Castelo.

Visita guiada o **MONASTERIO DE LEYRE**. Na Igrexa do Mosteiro, a Coral interpretou varias partituras de Música Sacra.

Visitas guiadas a **OLITE** e o seu Castelo Real; **TAFALLA**; **ESTELLA** e **MONASTERIO DE IRACHE**. A Coral interpretou varias **cancións populares galegas**.

Visita guiada a **PUENTE DE LA REINA**, e **actuación da Coral na Igrexa de Santiago**.

4 de maio. **BETANZOS**. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Balance das actividades realizadas no primeiro trimestre.

Programación das actividades a realizar no 2º trimestre.

10 de maio. **OURENSE**. Salón do Liceo. Reunión da Xunta Directiva da Federación Galega de Círculos

e Casinos Culturais. Lectura da acta da última reunión que foi aprobada. Informe do Presidente. Situación económica da Federación. Convocatoria da 34 Asemblea da Federación, para o 29 de setembro no Liceo de Ourense. Tamén acordouse celebrar a 24 Romaría da Federación, o 10 de maio en Escairón, Saviñao, (Monforte, Lugo).

Nesta reunión participou o Director da Coral de Betanzos como membro da Xunta Directiva.

12 de maio: **FUENTES NUEVAS, PONFERRADA**. Igrexa de San Juan Bautista.

**Canciones de Primavera. ENCUENTRO DE CORALES. CONCIERTO**. Participan:

Coral Voces del Bierzo, Coral Polifónica de Melide, Coral Polifónica de Betanzos e o Coro Ronda Amigos del Bierzo. Este Concerto se realiza en intercambio da Coral de Betanzos coa Coral Voces del Bierzo e o Coro Ronda Amigos del Bierzo.

As Corais participantes recibiron un recordo do acto e foron agasalladas nun Restaurante local

19 de maio. **BETANZOS**. Local Social da Coral. **FESTA DO SOCIO**. Reunión de convivencia e

confraternidade, para **homenaxear os Socios**, como mostra de agradecemento e cariño polo seu apoio e colaboración. Participaron unhas 120 socios. Música e bo humor.

Sorteouse unha litografía numerada e enmarcada, que representa a Fonte Diana Cazadora, que está na Praza dos Irmás García Naveira de Betanzos.

26 de maio. **BERGONDO. II Encontro de Corais das Mariñas Coruñesas**. Auditorio Edificio da Senra.

Participan: Coral Polifónica de Mera (Oleiros), Coral Polifónica A Lembranza de Sada, Coral Polifónica de Betanzos, Coral Polifónica «Costumes» de Bergondo.

As Corais participantes recibiron un recordo do acto.

Esta actuación se realiza en intercambio da Coral de Betanzos e a Coral de Bergondo. O finalizar o Concerto, os Compoñentes das Corais foron agasallados pola Coral anfitroia.

10 de xuño. **ESCAIRÓN, SAVIÑAO (Monforte, Lugo)**. 24 Romaría da Federación Galega de Círculos e Casinos Culturais.

Os participantes fixeron un recorrido con guía local por Escairón.

Misa Solemne na Igrexa de Escairón, que foi presidida por D Manuel López Castro (Director da Coral de Betanzos), e cantada pola Coral do Liceo de Ourense, que interpretou un Concerto o finalizala Misa.

Comida campestre. Actuación de varios grupos musicais da localidade.

27 de xuño. **BETANZOS**. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Balance das actividades realizadas no 2º trimestre. Informacións.

Incorpóranse tres novos Compoñentes.

14 e 15 de xullo. **BRAGANÇA** (Portugal), e **PUEBLA DE SANABRIA** (Zamora).

Viaxe de interese musical, cultural, histórico, con actuacións da Coral.

Visitas guiadas a Verín, augas Cabreiroá, Castelo de Monterrei.

Visita a **BRAGANÇA** (Portugal), e o seu Castelo.

Visita guiada a **PUEBLA DE SANABRIA** (Zamora), o Centro do Lobo Ibérico, e Cruceiro ambiental polo Lago Graciar de Sanabria.

Celebración da Misa na Igrexa de Santa María do Azougue de Puebla de Sanabria, cantada pola Coral, e interpretación pola Coral de Betanzos, de varias partituras de Polifonía Galega no Castelo dos Condes de Benavente de Puebla de Sanabria.

25 de xullo. **ARTEIXO**. Misa Solemne e breve Concerto de Música Polifónica da Coral de Betanzos na Igrexa Parroquial de Santiago (paseo marítimo), con motivo das Festas Patronais. Esta actuación realízase en Convenio da Rede Cultural coa Deputación de A Coruña e o Concello de Arteixo.

29 de xullo. **BETANZOS**. Xira fluvial a «Os Caneiros». Romaría popular en lanchas polo río Mandeo.

Concursos. Grupo musical, baile, gastronomía típica, e... «queimada». Agradable convivencia.

13 de agosto. **BETANZOS**. Igrexa de Santiago. **Concerto «CIDADE DE BETANZOS»**.

Participan as tres Entidades Musicais de Betanzos: Agrupación de pulso e púa «Carlos Seijo», Coral Polifónica e Banda Municipal, con actuación individual de cada Entidade, e actuación conxunta da Banda e a Coral.

O final do Concerto, a Coral e o público asistente interpretaron o Himno Rexional Galego, acompañados pola Banda de Música.

Neste Concerto, a Coral estreou a partitura: **VIENTO DEL NORTE**, a 5 voces mixtas, dos Irmás Nando e Sergio Agüeros.

O finalizar o Concerto o Concello agasalhou con un ágape a todos os participantes

15 de agosto. **BETANZOS**. Festas Patronais. Festividade de Santa María, Co Patroa de Betanzos.

Misa Solemne, cantada pola Coral, na Igrexa de Santa María do Azougue.

16 de agosto. **BETANZOS**. Festas Patronais. **Festividade de San Roque, Patrón principal de Betanzos**.

Misa Solemne, cantada pola Coral, e **FUNCIÓN DO VOTO**: Ofrenda de agradecemento dos betanceiros o seu Patrón, polos beneficios recibidos polos antepasados..

31 de agosto. **BETANZOS**. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Balance das actividades realizadas. Programación das próximas.

7 de setembro. **BETANZOS**. Igrexa de Nosa Señora do Camiño, Santuario de Nosa Señora dos Remedios.

**Misa cantada** pola Coral de Betanzos, con motivo do último día da Novena en honor a Virxe dos Remedios.

16 de setembro. **SANTIAGO DE COMPOSTELA. CIDADE DA CULTURA**: Complexo **GAIÁS**.

**XV Romaría de FE CO GA** (Federación Coral Galega). Participan uns 800 Compoñentes de 34 Corais Galegas. Recepción no Concello de Santiago a Xunta Directiva de FECOGA e representantes das Corais participantes. **Misa Solemne** na Igrexa Conventual de San Francisco, cantada polo Coro «Cantorum Compostelana» (Coros de Santiago).

Comida de confraternidade no recinto feiral de Ámio. Visita o Complexo Gaiás.

Concerto dos Compoñentes das 34 Corais na Praza Central da Cidade da Cultura.

O Concerto finaliza coa actuación de todos os integrantes das Corais e o público asistente, interpretando o Himno Rexional Galego, acompañados pola Banda de Música de Santiago.

Nesta Romaría participan membros da Coral de Betanzos.

23 de setembro. **RIBEIRA SACRA. (Lugo-Ourense)**. Viaxe de interese histórico, cultural

e paisaxístico realizando a Ruta dos Mosteiros., visitando Ferreira de Pantón e o Mosteiro Cisterciense das Bernardas.

A Coral interpretou varias cancións sacras na Igrexa deste Mosteiro.

Xira fluvial en Catamarán polo río Sil. Visita e degustación na Adegas «A Ponte da Boga».

Misa cantada pola Coral no Santuario da Nosa Señora dos Mirages de Baños de Molgas. Visita o Mosteiro de San Pedro de Rocas.

Participaron 56 persoas. Unha excursión moi positiva en tódolos aspectos.

29 de setembro. **OURENSE.** Salón del Liceo. **34 Asemblea da Federación Galega de Círculos e Casinos Culturais.** Lectura da acta da Asemblea anterior. Informe da Presidencia. Balance económico. Conferencia sobre a importancia das novas comunicacións das redes sociais.

Na Asemblea participou o Director da Coral de Betanzos, membro da Xunta Directiva da Federación.

10 de outono. **BETANZOS.** Local Social da Coral. **Reunión da Xunta Directiva.**

Valoración das últimas actividades realizadas.

Programación de actividades previstas para o último trimestre do ano.

12 de outono. **BETANZOS.** Igrexa de Santo Domingo. **MISA SOLEMNE,** cantada pola Coral Polifónica

de Betanzos, con motivo da Festividade de Nosa Señora do Pilar, Patroa da Garda Civil.

## **50 FESTIVAL SANTA CECILIA:**

3 de novembro. **BETANZOS.** Local Social da Coral: **FESTA TRADICIONAL DO MARGOSTO.**

Reunión de convivencia de Compoñentes da Coral, familiares, Socios, acompañantes..., para gozar dos beneficios das castañas. A festa resultou participada e animada.

17 de novembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Sala de Exposicións «LICEO».

Inauguración do 50º Festival Santa Cecilia. Presentación do Libro Programa de actos a realizar no 50º Festival Santa Cecilia.

17 de novembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Sala de Exposicións»LICEO».

Inauguración da **EXPOSICIÓN DE ARTESANÍA GALEGA:**

-**FIADA: Taller de Teixido Manual:** Telas de fibras en teares manuais de Pili Conde. Carral

-**PLATA NATIVA. Taller de ourivaría tradicional e creativa.** Rosana e Gustavo. Soñeiro, Sada.

-**TAXUS: Taller de torneado de madeira.** Xavier. Vilarmaior.

-**VIOLA: Taller de decoración con flor natural.** Carolina. Oza dos Ríos.

Aberta del 17 de novembro ó 2 de decembro. Foi visitada por numeroso público.

18 de novembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Aula de Cultura «LICEO».

**CONCERTO DE MÚSICA POPULAR DE SEMPRE.**

Actuación da **TUNA DE VETERANOS** de A Coruña. A Aula estivo chea de público. Os Compoñentes da Tuna foron invitados a un ágape fraterno.

22 de novembro. Festividade de Santa Cecilia, Patroa de Músicos e Cantores.

**BETANZOS.** Igrexa de Santiago. **MISA SOLEMNE.** Cantada pola Coral Polifónica de Betanzos e aplicada polos compoñentes, familiares, socios e colaboradores da Coral falecidos.

23 de novembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo: Aula de Cultura «LICEO».

**CONCERTO DE MÚSICA DE CÁMARA: Agrupación de Cámara de Metais.**

Profesores e Solistas da Escola de Música do Concello de Valga (Pontevedra).

Asistiu numeroso público. Os integrantes do Grupo foron invitados a un ágape fraterno pola Coral.

24 de novembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Aula de Cultura «LICEO».

**CONCERTO. ENCONTRO DE CORAIS.** Participan:

-Coral Polifónica Vilalbesa, de Vilalba, Lugo.

-Coral Polifónica «Liceo» de Noia

-E Coral Polifónica de Betanzos.

O final do Concerto, os Compoñentes das tres Corais, e o público asistente o Concerto, interpretaron dúas Cancións populares: **QUE SERÁ, SERÁ e VIVIR EN BETANZOS QUE BONITO É.**

As Corais invitadas foron obsequiadas con unha lámina enmarcada e numerada coa litografía da Fonte Diana Cazadora, que se encontra na Praza Irmás García Naveira de Betanzos.

Esta actuación realízase en convenio da Coral de Betanzos e a Deputación de A Coruña coa Coral «Liceo» de Noia e en intercambio da Coral de Betanzos e a Coral Vilalbesa.

Neste Concerto, a Coral de Betanzos estreou a partitura: **O MEU AMOR MARIÑEIRO.**

A Aula de Cultura estivo chea de público, a pesar de que estivo un día moi chuvioso e frío.

Os Compoñentes das tres Corais foron invita-

dos pola Coral de Betanzos a un ágape fraterno.

25 de novembro. **BETANZOS.** SALÓN SOCIAL DO RESTAURANTE «O PASA-TEMPO»:

**HOMENAXE A CONSTANCIA** Reunión de convivencia dos Compoñentes da Coral e familiares para entregar a **INSIGNIA DE OURO** a os Compoñentes que cumpren 15 anos de permanencia na Coral, e a **INSIGNIA DE PRATA** a os Compoñentes que cumpren 5 anos.

Nesta ocasión recibiron a Insignia de Ouro: José García Lagoa (Che) e Antonio Gómez Lage. E a Insignia de Prata a recibiron: Feli Ponte Bello, Manuel Rico Vereá, Ana Bárquez López, Fulvio Bordón Frogliá, Isabel Orgeira Moreira, Antonio Teijo Maceiras

25 de novembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Aula de Cultura LICEO.

**CLAUSURA DO 50º FESTIVAL SANTA CECILIA.**

**CONCERTO DE MÚSICA DE CÁMARA: Quinteto InVento.** Músicos profesionais de A Coruña. Un Grupo de moi bo nivel musical. Participou numeroso público.

Os Compoñentes do Grupo foron invitados pola Coral a un ágape fraterno.

5 de decembro. **BETANZOS.** Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Sinalouse a fecha da Asemblea Xeral Ordinaria da Coral para o día 25 de xaneiro de 2019.

Fíxose unha valoración das actividades realizadas.

Os actos do 50º Festival Santa Cecilia, estiveron moi concorridos de público e a Coral recibiu moitas felicitacións, sobre todo, dos socios.

Se programaron as actividades para o Nadal e Ano novo.

Tamén se falou da Programación de actos para a celebración do 50º Aniversario da Coral, coa organización de un Concerto Conmemorativo, invitando a participar a Ex Compoñentes da Coral, para o sábado, 23 de marzo de 2019.

16 de decembro. **BETANZOS.** Edificio Arquivo. Aula de Cultura LICEO.

**ENCONTRO DE CORAIS. CONCERTO DE NADAL.** Participan:

Coral «Lembranzas da Terra» de Valdoviño.  
Coral Polifónica de Soutomaior (Pontevedra)  
Coral Polifónica de Betanzos.

O final do Concerto, os Compoñentes das tres Corais e o público asistente o acto, interpretaron todos xuntos, dúas panxoliñas, **DIME NIÑO e A RUN, RUN, MEU NENO.**

A Aula de Cultura estaba chea de público.

As Corais invitadas foron obsequiadas con unha lámina enmarcada e numerada, con unha litografía da Fonte Diana Cazadora, que se encontra na Praza Irmás García Naveira de Betanzos.

Esta actuación se realiza en intercambio da Coral de Betanzos con as dúas Corais participantes, Lembranzas da Terra de Valdoviño e Coral de Soutomaior (Pontevedra).

O finalizar o acto, os Compoñentes das tres Corais foron invitados pola Coral de Betanzos a un ágape fraterno.

19 de decembro. **BETANZOS.** Centro Pai Menni. Actuación da Coral, con motivo da s Festas de Nadal,

Cantando panxoliñas para as Nenas e Nenos do Colexio de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón, das Irmás Hospitalarias. Tamén participaron as Nenas e Nenos asistentes a actuación, cantando eles solos e acompañados da Coral varias panxoliñas.

O finalizar a actuación, a Coral agasallou a tódolos residentes.

22 de decembro. **CEDEIRA.** Auditorio. Concerto de Nadal. Participan

Coral Harmonía de Ferrol,  
Coral Polifónica de Betanzos  
E Coral Virxe do Mar, de Cedeira.

O final do Concerto, as tres Corais interpretaron xuntamente a panxoliña popular galega: **A RUN, RUN MEU NENO.**

As Corais foron obsequiadas con un recordo do acto e os Compoñentes das tres Corais foron invitados a un ágape fraterno. Esta actuación se realiza en intercambio da Coral de Betanzos coa Coral de Cedeira, en Convenio da Rede Cultural coa Deputación de A Coruña.

28 de decembro. **BETANZOS.** Local Social da Coral. Reunión de confraternidade dos Compoñentes da

Coral, para celebrar a despedida de ano e a entrada do novo, con un recordatorio importante, como é a celebración do 50º Aniversario da Coral no ano próximo.

«A xente que pode entregarlle a vida a música lle está dicindo ó mundo: Podes ter o meu amor, podes ter a miña sorrisa.

Esquece as malas partes, non as necesitas.

Só toma a música, o grandioso, porque iso é o mellor» (*George Harrison*)

*Coral Polifónica de Betanzos.*



Edición bilingüe  
Xullo 1994-Maio 1995

## ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

### HOMENAXE A ROSALÍA

Un ano máis Eira Vella organizou xuntamente co Concello de Betanzos o Día de Rosalía. O acto tivo lugar na Aula de Cultura «Xulio Cuns» o venres 23 de febreiro. Participaron o Coro de Coirós, membros da asociación Lar de Unta, grupo Fuliada, IES As Mariñas, Colexio Atocha, CEIP Vales Villamarín, Xabier López, Pepe Dopico, Manuel Dans, Dorrie Ann Lampa, Yuki Sato e Dores Cao. O peche correu por conta de Adhara & Ritman.

### OFRENDA ÁS VÍTIMAS BETANCEIRAS

O 14 de abril realizouse a ofrenda anual ás vítimas betanceiras da represión franquista diante da placa situada á entrada do Museo das Mariñas, réplica da existente no Centro Betanzos de Buenos Aires e colocada en 2007 a iniciativa da citada asociación.

Comezou a ofrenda o historiador Xesús Torres, quen lembrou os nomes das trinta e seis vítimas (tres máis das que se inclúen na placa), as súas circunstancias persoais e as do seu martirio, procedendo logo á ofrenda floral, interpretándose o himno de Riego.

A continuación interviron lendo textos e poemas os membros da asociación Mariña Longueira e Manuel Dans, así como Pepe Dopico, rematándose o acto coa interpretación da marcha do Antigo Reino de Galicia.

A asociación entregou aos asistentes unha estampa que recolle no anverso un debuxo alusivo á represión en Betanzos do artista betan-





ceiro Manuel Crestar (desaparecido durante a guerra civil) que este publicara en 1938 en Madrid, e no reverso a relación actualizada das vítimas.

#### FACSIMIL DE «A XANELA» COA MÚSICA DE MIRO CASABELLA

O xoves 24 de maio a Asociación Cultural Eira Vella conmemorou no Salón Azul do Edificio Arquivo o seu 25 aniversario coa presentación do facsímil de *A Xanela*, na etapa de suplemento cultural de «Betanzos e a súa comarca», que se entregou aos asistentes. No transcurso deste acto a concelleira de Cultura, María Barral, fixo entrega á Asociación dunha praca conmemorativa dos vinte e cinco anos de actividade da mesma. *A Xanela* apareceu como suplemento deste periódico, antes de converterse en revista independente, entre os meses de xuño de 1994 a maio de 1995, saíndo un total de doce números encartados entre as páxinas centrais do periódico. A edición facsimilar conta cunha portada que reproduce un gravado do artista betanceiro Jesús Núñez, cedido expresamente para a ocasión.

Pechou o acto un concerto ofrecido polo veterano músico e cantautor Miro Casabella, quen xa ten colaborado noutras ocasións con Eira Vella.

#### EDICIÓN E PRESENTACIÓN DE «HISTORIAS DE NEOFALANTES»

Eira Vella editou o libro «Historias de neofalantes. A aventura de vivermos en galego», da autoría de Manuel B. Dans, quen na actualidade desempeña o cargo de presidente da entidade e cunha portada feita expresamente por Xaquín Marín. O libro presentouse o venres 6 de abril,

na Sala Azul do edificio Arquivo. Posteriormente presentouse tamén na veciña localidade de Sada en acto organizado pola Asociación Irmáns Suárez Picallo.

A través de trinta e sete entrevistas a neofalantes constrúese este relato desenfadado ao tempo que rigoroso, onde se indaga nas razóns, amiúde fermosas, que se ocultan en tras desta sempre difícil decisión. Descríbense, de pasaxe, as ingratas, chocantes e por veces divertidas aventuras que ten de encarar todo aquel e toda aquela que quixer vivir en galego na Galiza. O autor, tamén neofalante, aproveita as marxes do argumento principal para axudar a pulir o noso colectivo espello de galeguidade coa refrescante opinión de neofalantes de fóra do país (checos, filipinos, xaponeses...).

#### ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE

